



ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL PONTEDEUME

Anuncio Exposición pública padrón da taxa por entrada de vehículos a través de beirarrúas e as reservas de vía pública para aparcamento, carga e descarga de mercadorías de calquera clase, exercicio 2024

ANUNCIO EXPOSICIÓN PÚBLICA.

Por resolución da Alcaldía núm. 381/2024 de 04 de xullo, aprobouse o seguinte:

“Visto o padrón da taxa por entrada de vehículos a través de beirarrúas e as reservas de vía pública para aparcamento, carga e descarga de mercadorías de calquera clase, exercicio 2024.

[...]

En uso das atribucións que me confire o artigo 21 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local,
RESOLVO:

PRIMEIRO.- Aprobar o padrón da taxa por entrada de vehículos a través de beirarrúas e as reservas de vía pública para aparcamento, carga e descarga de mercadorías de calquera clase, correspondente ao exercicio 2024 e as liquidacións resultantes deste, cos seguintes datos:

Concepto	Nº Recibos	Contribuínte primeiro e último	Importe Total
Taxa por entrada de vehículos a través de beirarrúas e as reservas de vía pública para aparcamento, carga e descarga de mercadorías de calquera clase, Exercicio 2024	122	- [...] - [...]	12.451,52€

SEGUNDO.- Expoñer ao público tódolos datos incorporados ao padrón que se aproba mediante edicto que se debe publicar no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios da Corporación. Esta exposición, polo prazo de quince días dende a correspondente publicación, servirá de notificación colectiva a tódolos contribuíntes, nos termos establecidos no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria (segundo redacción dada pola Lei 25/95, do 20 de xullo).

TERCEIRO.- Contra as liquidacións incorporadas ao padrón os interesados poderán interpor recurso de reposición, segundo o disposto no artigo 14.2 do Real Decreto Legislativo 2/2004 polo que se aproba o Texto Refundido da lei reguladora das facendas locais, no prazo dun mes, contado dende o día seguinte ao remate da exposición ao público do padrón. A interposición do recurso non suspende a eficacia das liquidacións correspondentes, agás que se solicite a suspensión e se presente garantía nos termos establecidos no apartado I) do precepto anteriormente mencionado. O recurso entenderase desestimado se non se resolve expresamente no prazo dun mes, dende a súa interposición. Contra a desestimación presunta do recurso poderase interpor recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, no prazo de dous meses dende a notificación da resolución expresa ou de seis meses dende que se produza a desestimación presunta, tal como establece o artigo 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Tamén se poderá interpor calquera outro recurso que se estime conveniente.

[...].

En Pontevedra, documento asinado dixitalmente o 05 de xullo de 2024, polo Sr. Alcalde, D. Bernardo Fernández Piñeiro.

2024/4825